
Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (II)*

Mariña Arbor Aldea**
Universidade de Santiago de Compostela

Data de recepción: 04/09/2017 | Data de aceptación: 11/10/2017

*Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a espranza.
Digo Moraima
e ponse azul a alba.*
(Celso Emilio Ferreiro)

A papá, *in memoriam*

Resumo:

Este artigo constitúe unha revisión histórica e crítica do labor ecdótico realizado no ámbito da lírica profana galego-portuguesa desde a década de 1960, momento en que a denominada “escola italiana” comeza os seus traballos. O estudo contempla as edicións preparadas polas denominadas escolas “pisana”, “barese” e “romana”, ademais de por diversos investigadores independentes en Italia, para despois analizar os traballos preparados no Brasil e para centrarse, finalmente, na Península Ibérica, que se converte, con Galicia á cabeza, e a partir da década dos ’80, no baricentro da actividade editorial en materia de lírica profana galego-portuguesa.

Palabras chave:

edición crítica; lírica profana galego-portuguesa.

Sumario:

I. “Premessa”. II. O Renacemento: Italia. III. Efervescencia. IV. A *Romania nova*: Brasil. V. A *Iberia* lusitana: Portugal. VI. A *Iberia* castelá e o *Finisterrae*. VII. Ler ou interpretar (dubidando?). VIII. O presente tecnolóxico. IX. *Desideratum*.

* Este traballo inscribíase nos estudos que se realizan no marco do proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. III. Edición crítica dixital das cantigas de amor* (FFI2015-63523-P), que está financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad.

** Redactado entre Santiago, Cea e Florencia, este traballo debe moitos dos seus datos ás xenerosas contribucións con que me agasallaron, vía correo electrónico ou en conversas privadas, Giancarlo Breschi, Pietro Beltrami, Manuel Ferreiro e Pär Larson. A todos eles quéroilles mostrar o meu máis sincero agradecemento polo tempo que me dedicaron.

Editions and editorial technique: on the subject of textual criticism and medieval (secular) Galician-Portuguese lyric (II)

Abstract:

This article constitutes a historical and critical review of the ecdotic work carried out in the field of Galician-Portuguese secular lyric poetry since the 1960s, the period in which the so-called “Italian school” began its activity. The author reviews the critical editions produced by the “Pisan”, the “Barese” and the “Roman” philological schools, as well as those carried out by several independent researchers in Italy, and then proceeds to analyze the works carried out in Brazil and finally to focus on the Iberian Peninsula, which in the '80s takes the lead, with Galicia in the foremost position, in the editorial activity on the matter of the medieval Galician-Portuguese lyric.

Keywords:

critical edition; Galician-Portuguese secular lyric poetry.

Contents:

I. Preamble. II. The Renaissance: Italy. III. Effervescence. IV. The Romania Nova: Brazil. V. The Lusitanian Iberia: Portugal. VI. The Castilian Iberia and the Finisterrae. VII. To read or to interpret (doubting?). VIII. The technological present. IX. Desideratum.

I. “Premessa”

Tres anos despois de publicarse a primeira parte dunha reflexión que se pretendía máis extensa sobre as edicións da lírica profana galego-portuguesa (Arbor Aldea 2013), e tras sucesivos aprazamentos debidos a motivos académicos felices e a desgraciadas circunstancias persoais, volvemos sobre un argumento tan amplo e complexo como fascinante. Aquela “prima puntata” pechábase xusto antes de iniciar a análise da denominada “escola italiana” que, como veremos, marcaría un antes e un despois na ecódica en ámbito galego-portugués. Non por acaso, os seus integrantes, repartidos entre distintas Universidades e Centros de investigación italianos, fornecerían o modelo editorial que aínda hoxe, case seis décadas despois, está vixente, sobre todo na Península Ibérica, convertida agora, e pasados os anos, no baricentro destes traballos.

Estudar as edicións e a edición, en abstracto, desde os anos sesenta é labor improbo: moitos son os contributos, moitos son os investigadores, o manancial bibliográfico de que se nutren as edicións e que se imbrica con estas é un magma difícil de abarcar... e, sobre todo, faltan datos e falta perspectiva, a perspectiva do tempo. Algúns dos grandes investigadores están vivos, de moitos é difícil encontrar unha mínima documentación, aínda que se pescude horas e horas na rede ou en documentos de diferente índole. Serán, por iso, importantes as omisións e as lacunas, nunca intencionadas, que poderán colmarse, como tamén indiquei nas páxinas iniciais da primeira contribución a este argumento, nas cada día máis ricas bibliografías publicadas *online*¹.

II. O Renacemento: Italia

Na década de 1960, en que se publica o último volume da deficiente edición que Elsa Paxeco Machado e José Pedro Machado prepararan sobre o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Portugal* (B; 1964), iniciase unha idade de ouro para a edición da lírica galego-portuguesa, que tivo un fecundo xermolo nos traballos que Silvio Pellegrini comezara na década de 1920.

Formado en Turín co grande lingüista Matteo Bartoli, Pellegrini (Livorno, 1900-Pisa, 1972) encontraría o seu verdadeiro mestre na figura de Cesare De Lollis –mestre ideal máis ca real, xa que se verían pouco como consecuencia da morte

1 Así, en *BITAGAP, Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses* (http://vm136.lib.berkeley.edu/BANC/philobiblon/bitagap_en.html); en *BILEGA2, Bibliografía informatizada da lingua galega* (<http://www.cirp.gal/bdo/bil/bilega.html>); en *BiRMed2, Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval (BiRMED)* (<http://www.cirp.gal/pls/bdo2/f?p=birmed2>), ou no *Boletín Bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, agora en rede (<http://www.ahlmboletin.es/buscador/firstsearch.asp>).

deste en 1928–, ademais de en Giulio Bertoni, que dedicaran, ambos os dous, estudos á poesía dos *trobadores* (Arbor Aldea 2013: 18). Os traballos do que máis tarde sería o fundador da prestixiosa revista *Studi Mediolatini e Volgari*, en que se publicaron tantos e tan importantes ensaios e edicións de lírica galego-portuguesa, desenvolveríanse durante o seu período como lector de italiano en Heidelberg (1925-1939), concretándose na publicación, en 1927, dunha antoloxía de textos de don Denis con tradución italiana; na edición crítica de cincuenta poemas de diferentes autores publicada en 1928 baixo o título *Auswahl altportugiesischer Lieder*; na transcripción paleográfica que nese mesmo ano daría ao prelo dos “lais de Bretanha” seguindo o testemuño do Vat. Lat. 7182 (sigla *L*) –os *lais*, recordemos, inician tamén o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*–; no longo e exhaustivo comentario crítico que, en 1930, lle dedicaría ás *cantigas de amigo* de José Joaquim Nunes, ou na fixación do texto de diferentes poemas de Alfonso X, que viron a luz entre 1935 e 1962 en diversas sedes e que se recolleron nos volumes *Studi su trove e trovatori della prima lirica ispano-portoghese* (1959, en edición ampliada e corrixida; a primeira versión data de 1937) e *Varietà romanze* (publicado póstumo en 1977 baixo o coidado de Giuseppe E. Sansone; *vide infra*). Ademais, Pellegrini aínda editaría en 1969 o cancionero completo de Lopo Liáns, que tamén sería inserido en *Varietà romanze*, un traballo que se incardina perfectamente na tradición das edicións “de autor” que, desde finais dos anos ’50 e durante as décadas sucesivas, acomete a denominada “escola italiana”².

En efecto, entre os froitos desta escola –oposta á “francesa” ou “bedierista”–, que profundara no método lachmanniano, e que se basea nun estudo escrupuloso da tradición para reconstruír o texto máis próximo ao orixinal, merecen destacarse –e só a título de exemplo– as edicións preparadas polas que podemos denominar, á súa vez, “escola pisana”, “escola barese” e “escola romana”.

Da primeira, debedora do maxisterio do propio Pellegrini, deben salientarse as figuras de Giovanna Marroni (1928-2003), que, ademais de continuar o *Repertorio bibliografico* que o seu mestre publicara en 1939 (o *Nuovo Repertorio* data de 1981), se ocuparía dos poemas de Pedr’ Amigo de Sevilha (1968) e de Afonso Fernandez Cebolhilha (1970); de Walter Pagani, que publicou o cancionero de Estevan da Guarda (1971), e, sobre todo, de Valeria Bertolucci Pizzorusso (Lucca, 1933), estudosa integral que abordaría tanto a lírica dos *trobadores* como as *Cantigas de Santa María*³.

2 Datos complementarios sobre Pellegrini poden consultarse en Bertolucci Pizzorusso / Pellegrini (1972) e Bertolucci Pizzorusso (1993).

3 A súa vasta bibliografía, ordenada por anos, desde 1957 ata 2007, pode consultarse no volume de homenaxe que lle foi ofrecido no último dos anos citados (Moretti 2007).

No que atinxe á poesía profana e ao seu labor ecdótico, Bertolucci abriría a súa traxectoria coa extensa nota que lle dedicou en 1961 á proposta crítica que para o cancionero de Johan Airas fornecera en 1959 Ramón Fernández Pousa (*cfr.* Arbor Aldea 2013: 30-31), continuándose coa súa paradigmática edición do “mellor de todos os que trobaron”, o poeta de Riba de Lima Martin Soares (1962, traducida e publicada décadas despois en galego, concretamente en 1992). Ao longo da súa carreira formou, ademais, un nutrido grupo de filólogos que dedicarían parte dos seus traballos á lírica medieval galega: á marxe de María Pia Betti, a máis nova, que se centrou nas *Cantigas de Santa María*, merecen destacarse aquí os nomes de Pietro G. Beltrami, que, partindo dun artigo dedicado ao confronto entre dous poemas de Pero Vivíaz e o célebre concepto do *amor de lonh* do trobador occitano Jaufré Rudel, publicaría despois todas as composicións do propio Vivíaz (1974, 1978-1979); do malogrado Mario Barbieri (†2014), que iniciaría a súa andaina no ámbito da ecdótica galego-portuguesa coa edición de Roi Paez de Ribela (1980) e que tamén se ocuparía, entre outras achegas, de Fernan Froiaz (1999), e de Sergio Vatteroni, que estudaría os textos de Caldeiron (1988).

No que respecta á “escola de Bari”, esta tomou corpo baixo a guía de Giuseppe E. Sansone (1925-2003), que se formara en Xénova e que coñecera, despois, en Florencia o romanista Mario Casella (1886-1956) e en Roma o lusitanista Francesco Piccolo (1892-1970), autor da *Antologia della lirica d'amore gallego-portoghese* publicada en Nápoles en 1951. Aínda que Sansone, romanista de amplos intereses apaixonado de modo particular polo catalán, apenas se ocupou da poesía dos *trobadores* –as súas achegas limitáanse a unha incisiva nota crítica á edición dos Machado (1974 [1954]; *cfr.* Arbor Aldea 2013: 28-29), a un traballo dedicado a Johan Garcia de Guilhade (1961) e a un volume de traducións italianas de *cantigas de amor e de escarnio* (1990)–, o seu maxisterio foi fundamental: alumnos seus foron Saverio Panunzio (1934–), que publicaría os textos de Pero da Ponte (1967, con tradución ao galego en 1992); Vincenzo Minervini, que asinaría a edición de Airas Carpancho (1974); Carmelo Zilli, que daría ao prelo as poesías de Johan Baveca (1977); Maria Luisa Indini, que editaría o cancionero de Bernal de Bonaval (1978), e Matteo Majorano, que se ocuparía de Vasco Perez Pardal (1979). Ademais, Sansone fundaría en 1958 a colección “Biblioteca di Filologia Romanza”, con sede en Bari (Adriatica Editrice), en que verían a luz varios dos volumes antes citados de Pellegrini e do conxunto de estudosos que acabamos de referir, entre outros.

Finalmente, Roma. Excepción feita de filólogos que deberon ter unha carreira independente, como Erilde Melillo Reali, profesora de portugués e brasileiro no Istituto Universitario Orientale di Napoli desde 1960 ata a súa morte en 1983 (*cfr.* De Cesare / Grossi 1993: 123), que publicaría os poemas de Pedr'Eanes Solaz (1962) e de Juião Bolseiro (1964); Barbara Spaggiari (1952–), catedrática de

Filoloxía Románica en Xenebra que estudou en Florencia e en París e que editou as cantigas de Martin Codax (1980a, 1980b); Margherita Spampinato Beretta, formada con Alberto Varvaro en Nápoles e vinculada a Catania como profesora de Romanística desde 1990, que deu ao prelo o cancionero de Fernan Garcia Esgaravunha (1987); Maria Teresa Morabito, hoxe investigadora en Messina e especialista no Século de Ouro, que se ocupou das dúas cantigas de Estevan Coelho (1987); Marco Piccat (1951-), o editor piemontés de Bonifacio Calvo (1989) e de Vasco Gil (1995), ou Manuel Simões, profesor de literatura portuguesa e brasileira na Università Ca' Foscari de Venezia, que publicaría os textos do Conde don Pedro de Barcelos (1991), os demais autores da citada “escola italiana” desenvolverían na Universidade de Roma a súa actividade, nun ambiente que, á vista dos resultados, non pode cualificarse máis que de excepcional –e frenético en canto a traballo–.

Vinculados a esta Universidade estarían Giuliano Macchi (1932-2003), que tiraría do prelo as cantigas de Roi Martinz do Casal (1966); Ettore Finazzi-Agrò (1950-), que se ocuparía de Roi Gomez de Briteiros e de Johan Mendiz de Briteiros (1975-1976, 1979); Cesarina Donati, que publicaría un artigo dedicado aos textos de Pero Goterrez (1979), e, sobre todo, dúas figuras senlleiras que terían, á súa vez, discípulos dedicados á ecdótica galego-portuguesa: Luciana Stegagno Picchio e Giuseppe Tavani.

Luciana Stegagno Picchio (Alessandria, 1920-Roma, 2008), docente en Pisa entre 1959 e 1968, onde asistiu aos seminarios que sobre a poesía dos *trobadores* organizaba Pellegrini, iniciou na cidade da Toscana a súa actividade editorial en materia de lírica galego-portuguesa: a eses anos pertencen os traballos que lle ofreceu a Vidal (1962) e ao non menos persoal e cultísimo Martin Moxa (1968), entre outros autores e textos (véxase a súa obra compilatoria *A lição do texto. Filologia e literatura*, 1979). Lusitanista total e profundamente innovadora na súa metodoloxía, xa en Roma, onde ocupou desde 1969 a cátedra de *Lingua e Letteratura Portoghese*, fundaría e compartiría a redacción da revista *Quaderni Portoghesi* (1977-1989) co seu colega lusitanista G. Macchi, ao que xa nos referimos antes, e con dúas estudosas discípulas dela, Fernanda Toriello, que exercería como profesora de portugués en Bari e que publicaría a obra do singular Fernand'Esquio (1976), e Carmen Radulet (1950-2008), de orixe romanese, que ensinaría tamén ela portugués en Viterbo e que daría ao prelo a edición de Estevan Fernandiz d'Elvas (1979). Ademais, L. Stegagno Picchio sería mestra de Mariagrazia Russo, así mesmo profesora de lingua e literatura portuguesas en Viterbo, que escribiría a súa tese de doutoramento sobre Johan de Gaia (1982) e que tamén editaría a Pero de Veer (1990)⁴.

4 As informacións que sobre L. Stegagno Picchio se poden recabar a través da rede son múltiples. Para os datos que aquí fornecemos, servímonos do volume *A lingua outra. Uma fotobiografía de Luciana*

Nacido en Roma en 1924 e aínda activo, Giuseppe Tavani dedicaría toda a súa vida, sen abandonar as demais linguas románicas e as súas literaturas⁵, ao estudo da lírica galego-portuguesa, a que contribuiría con traballos que sentarían as bases das posteriores análises sobre esta tradición poética. Discípulo do grande italianista Alfredo Schiaffini e do lusitanista Giuseppe Carlo Rossi, co que preparou a súa tese, dedicada ás gramáticas bilingües ítalo-portuguesas (*cf.* Brea / Tarrío 1991: 128-129; De Cesare / Grossi 1993: 123), o filólogo romano iniciouse no labor ecdótico moi cedo, destacando, entre os contributos desta fase inicial, as súas edicións de Johan Nunez Camanez (1961), Lourenço (1964a [1959, 1962]) e Airas Nunez (1964b, con tradución ao galego en 1992). O director das coleccións filolóxicas *Romanica Vulgaria* e *Quaderni di Romanica Vulgaria*, que tantos traballos acollerían sobre a lírica dos *trobadores*, foi un dos primeiros estudosos que nas súas edicións, definidas por Elsa Gonçalves como “paradigmáticas” (1999: 27), se serviría das fontes manuscritas, acompañando, ademais, a súa *restitutio textus* dun rico comentario poético e métrico⁶. Discípula súa sería Giulia

Stegagno Picchio (Mauro 2001: 55-56, 64-66, 73-75), un fermosísimo texto baseado nunha longa entrevista coa filóloga italiana en que se recollen numerosas fotografías tanto dela como dos seus libros e recordos persoais, ademais dunha bibliografía temática portuguesa e brasileira preparada por G. Boni. Poden consultarse, así mesmo, os dous principais volumes de homenaxe que se lle dedicaron en Italia (Lancastre / Peloso / Serani 1999) e en Portugal (VV. AA. 1991), que recollen a súa inxente produción: véxanse, do primeiro, as pp. 23-47, en que G. Boni ofrece unha bibliografía temática da estudosa, e, do segundo, as pp. xvii-l, esta vez con ordenación cronolóxica dos seus traballos. Moitas foron as notas publicadas á súa morte que recollen datos sobre esta muller excepcional; un exemplo pode lerse en Coutinho (2009).

- 5 A inxente bibliografía de Tavani, paralela ás súas inxedanzas, tamén inmensas, pode recabarse nalgúns dos múltiples homenaxes que lle foron ofrecidos por parte de colegas, amigos e de diversas institucións. Remitimos, entre outros, aos preparados por Fidalgo / Lorenzo Gradín (1994: 15-35, con bibliografía preparada por R. Lorenzo), Rossi (1995: 9-24), Finazzi Agrò (1997: 267-287), Simões / Castro / Correia (2001: 243-258) e Rossi / Rossi (2015: 163-183).
- 6 A edición de Lourenço realizouse a partir da “copia fotográfica del Colocci-Brancuti esistente presso la Bibl. Naz. di Roma e sul manoscritto della Bibl. Vaticana” (Tavani 1964a: 31). Idénticas bases sentaron os alicerces da edición de Airas Nunez (*cf.* Tavani 1964b: 61). Na maioría dos traballos publicados nese período debemos supor que se parte das edicións diplomáticas de que ata daquela se dispuña (Monaci 1875; Molteni 1880; Carter 1941; Machado / Machado 1949-1964). Indicacións como as de Reali: “Per la trascrizione delle ‘cantigas’ ci siamo serviti delle edizioni di Henry H. Carter (...) e di Ernesto Monaci (...) e della copia fotografica di B presso la Biblioteca di Roma” (1962: 170); Panunzio, “Per la lettura dei codici mi sono servito della copia fotografica di B della Biblioteca Nazionale di Roma; di quella del manoscritto della Biblioteca Vaticana per V; la lettura di A è stata direttamente condotta sul Canzoniere da Ajuda esistente nella Biblioteca da Ajuda presso Lisbona” (1967: 66); Stegagno Picchio: “Organizei a presente edição para V directamente a partir do ms (...) e para B a partir da reprod. fotográfica existente na Bibl. Nac. de Roma” (1979: 86); Toriello: “Ho condotto la presente edizione direttamente su B presso la Biblioteca Nazionale di Lisbona, e sulla copia fotografica di V esistente presso la Biblioteca della Facoltà di Lingue di Bari” (1976: 75), ou Piccat, que consulta os orixinais dos tres manuscritos (1995: 127), non son habituais nas edicións que aquí se comentan.

Lanciani⁷, que publicou as poesías de Airas Veaz (1974) e de Fernan Velho (1977), edición esta última que foi a súa tese de doutoramento e que mereceu o eloxio do Presidente do tribunal que a xulgou, Aurelio Roncaglia (Brea / Tarrío 1991: 132), que á súa vez sería mestre dunha grande estudosa de filoloxía material a que máis tarde nos referiremos, Anna Ferrari.

Estas edicións de autor, preparadas por unha xeración de investigadores solidamente formada na metodoloxía crítica e, non poucos deles, nos estudos de provenzalística⁸, que permitían a análise e a aprehensión das características poéticas de cada trobador –diluídas nas edicións de xénero–, presentan unha estrutura similar. Esta comprende, en liñas xerais, a análise da tradición manuscrita, a reconstrución da personalidade do autor, o estudo temático e retórico-métrico dos poemas e a presentación crítica destes, con aparato, comentario de glosas, ficha métrica, tradución, anotación filolóxica máis ou menos rica, glosario e índice de rimas. Unha análise atenta destes contributos revela, así mesmo, unha profunda uniformidade na súa organización e estruturación, así como nas decisións adoptadas no capítulo da *constitutio* e da *dispositio textus*, que segue, en liñas xerais, un principio de conservadorismo gráfico⁹.

Volcados os autores citados noutros campos de estudo –coas excepcións xa sinaladas–, e de modo particular na propia literatura italiana e na occitana ou, no caso dos lusitanistas, na análise da prosa ou da produción de períodos posteriores, despois deste excepcional traballo e dos granados produtos que forneceu, a “escola italiana” deixou paso a un baleiro que viría cubrir, sobre todo, a Península Ibérica, que entre tanto iría despertando, á luz da nova situación política, académica e lingüística, do longo período de silencio de que xa tratamos na primeira parte deste ensaio (Arbor Aldea 2013: 25-26, 30-31).

7 A ampla bibliografía de G. Lanciani pode consultarse en Lorenzo Gradín (2009), así como no volume que recolle o seu discurso de entrada, como académica de honra, na Real Academia Galega (RAG 2014: 29-42).

8 “(...) i filologi provenzalisti hanno costituito nel nostro secolo l’esempio primo da seguire da parte dei lusitanisti. È nella loro scia che si è dato mano da parte nostra al censimento dei testi, allo studio della tradizione manoscritta, all’allestimento del repertorio metrico, alla prassi delle edizioni monografiche. In alcuni settori, proprio per la relativa ‘povertà’ della tradizione manoscritta dei canzonieri galegoportoghesei nei confronti dei provenzali, gli studiosi della nostra disciplina potranno forse prendere qualche vantaggio sui loro colleghi provenzalisti. E mi riferisco all’allestimento delle concordanze verbali da un lato e a quello dell’approntamento delle norme unificate per la trascrizione grafica dei nostri testi” (Stegagno Picchio 1980: 342).

9 Asi o sinalaba coa súa agudeza habitual Stegagno Picchio: “Se si riuscisse a fissare alcune norme di base per l’edizione dei singoli canzonieri, si potrebbe evitare ad esempio il dispendio di energia degli editori attuali i quali ogni volta (e spesso copiandosi l’un l’altro) ripropongono una bibl[iografia] di base che potrebbe essere invece limitata alle sole integrazioni, introducono un discorso sulla grafia che è poi sempre lo stesso e anche sul piano della discussione retorica e stilistica dei canzonieri individuali potrebbero trarre giovamento da una unificazione della terminologia” (1980: 348, nota 31).

Moi poucas excepcións poden sinalarse para a Italia destes últimos anos con respecto á afirmación precedente: Roberta Fregonese, que en 2007 publicou os textos de Johan Vasquiz de Talaveira; Nicoletta Longo, discípula de A. Ferrari, que daría ao prelo en 2002 o cancionero de Don Afonso Sanchez; Rachele Fassanelli, que editou, baixo a supervisión de Furio Brugnolo, as *cantigas de amor e de amigo* de Don Denis (2009); Simone Marcenaro, formado en Xénova, pero moi vinculado a Santiago de Compostela (*vide infra*), ou Fabio Barberini, discípulo, como Longo, de A. Ferrari, que comeza as súas publicacións neste ámbito de estudos ocupándose de determinadas pezas, moi problemáticas, do *Cancioneiro da Ajuda* (2014, 2016, 2017).

Finalmente, debe destacarse que na tradición italiana se incardina a edición de Pero Garcia Bungalés que en 1984 preparou Pierre Blasco, discípulo dun dos grandes estudiosos da lírica dos trovadores, o belga Jean-Marie D’Heur, que se iniciara na materia coa súa tese de doutoramento, presentada na Université de Paris IV e despois publicada, baixo o título *Troubadours d’oc et troubadours galiciens-portugais* (1973a), pola Fundação Calouste Gulbenkian-Centro Cultural Portugués, naquel momento dirixida por José V. Pina Martins, un lusitano ilustre embarcado en múltiples tarefas de promoción da cultura portuguesa.

III. Efervescencia

Dos contributos apenas referidos, os preparados nos primeiros anos ’60 correron paralelos e forneceron un manancial precioso de datos para os repertorios de Tavani, que vería a luz en 1967 (Tavani 1967a), e de D’Heur, publicado en 1973 (1973b), repertorios que, á súa vez, auxiliarían as edicións preparadas nos anos sucesivos. Foron esas mesmas edicións as que promoveron o achegamento aos relatores, como sinalaron tanto o propio Tavani –a propósito de Lourenço; *cf.* Brea / Tarrío 1991: 129– como Elsa Gonçalves, que tiña en mente editar os poemas de Johan Servando (*cf.* Monteagudo / Arias Freixedo 1990: 479; Gonçalves 2007b: 1), e os primeiros estudos que se realizaron sobre a tradición manuscrita.

Estes tiveron un inicio aínda hoxe non superado en dous ensaios de Tavani (1967b, 1969) en que se traza un *stemma* cientificamente fundamentado que dá conta das relacións que se establecen entre os testemuños conservados dunha tradición caracterizada como “povera” e “sterile”, tradición pobre e estéril que, non obstante, había de provocar unha aceda controversia nos anos sucesivos, en que viron a luz diversos traballos de J.-M. D’Heur (1974, 1984), E. Gonçalves (1976) –entón lectora en Roma e discípula alí de Roncaglia; *cf.* Monteagudo / Arias Freixedo

1990: 479– e A. Ferrari (1979, 1991), tamén ela alumna do insigne romanista de Módena¹⁰. Estes estudosos, tras puntualizar determinados aspectos da teoría do profesor italiano, formularon unha árbore xenealóxica alternativa (Gonçalves 1993), aínda hoxe en discusión, á que o propio Tavani respondeu en varios ensaios (1979, 1986, 1988 e traballos sucesivos: 1999a, 2002a ou 2002b, en que se reafirma na súa hipótese) que mereceron novas respostas por parte, sobre todo, de Gonçalves (1995, 2007b) e de Ferrari (2010).

Ademais, as edicións referidas contribuirían e nutriríanse, á súa vez, dos estudos que sobre diversos aspectos dos manuscritos se inician neses anos, como os asinados por Bertolucci para as anotacións do responsable da copia de *B* e *V*, o humanista italiano Angelo Colocci (Bertolucci 1966, 1972), por D’Heur para a *Arte de trobar* (1975a; 1975b: 97-171; sobre ela volvería en 1999 Tavani: 1999b) ou polo mesmo estudoso belga para diversas cuestións relativas aos xéneros (1975b), estudos que se continuarán, na década de 1980 e nos anos sucesivos, coa análise xenérica, temática, métrica, retórica e histórica das cantigas e dos seus autores –os contextos da literatura– (cfr. Amado / Lorenzo Gradín 2000 e as diversas bibliografías en rede antes citadas; vide *supra*, nota 1).

Entre os traballos basilares para o desenvolvemento posterior da ecdótica galego-portuguesa realizados nestes anos é de obriga citar a saída do prelo, en 1973, do primeiro facsímile dun dos relatores da tradición, o do *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (V)*. Este traballo encontraría a súa continuidade na publicación do facsímile de *B* (1982), códice atentamente estudado por A. Ferrari en 1979 (con aguda recensión de E. Gonçalves 1983b) e restaurado en 1985. Ambos volumes, esenciais polas posibilidades superlativas que abrían para o labor filolóxico, completaríanse coa tamén edición facsimilar, xa en 1994, do *Cancioneiro da Ajuda (A)*, que, entre tanto, fora obxecto de estudo minucioso por parte de Maria Ana Ramos (cfr. o estudo de conxunto da autora que acompaña o facsímile).

IV. A *Romania nova*: Brasil

Entre tanto, tamén Brasil cultivaba os estudos ecdóticos que tiveran en Celso Ferreira da Cunha e no alemán Oskar Nobiling os mestres por excelencia (cfr. Arbor Aldea 2013: 21-22, 27-28). Así, en 1974 Leodegário A. de Azevedo Filho daba ao prelo a súa edición que viu a luz –despois revisada e publicada en galego en 1995– das cantigas de Pero Meogo, no marco da Colección Oskar Nobiling,

10 Á tradición manuscrita da lírica galego-portuguesa dedicáralle tamén en 1988 un artigo o londinense Harold V. Livermore (1914-2010; cfr. Willi 2010) que apenas mereceu atención por parte da crítica.

dedicada aos textos medievais galego-portugueses (*cf.* Franco / Vieira / Mongelli 2008: 201, nota 77). Azevedo Filho, que parte da lección manuscrita, aborda os problemas relativos ao autor e ao seu nome, comenta brevemente as diferenzas entre os manuscritos e analiza as edicións precedentes do singular poeta, ofrecendo unha lectura dos textos regularizada desde o punto de vista gráfico que se acompaña de variantes e comentario métrico-poético das composicións e de estudo dos problemas ecdóticos e filolóxicos que suscitan as cantigas. O volume complétase coa análise dos actantes e dos elementos simbólicos presentes no cancionero de Meogo, cun glosario etimolóxico e coa reprodución facsimilar de *B* e *V*.

Anos despois, xa en 1983, aparecía a edición de Pero Mafaldo, publicada na mesma colección por Segismundo Spina, estudoso vinculado á Universidade de São Paulo, en que se licenciou en Letras Clásicas en 1946 e onde impartiu diversos cursos dedicados á metodoloxía da crítica textual entre 1972 e 1975, que se compendiaron na súa *Introdução à Edótica* (1977) (*cf.* Franco / Vieira / Mongelli 2008: 205-207). Como a edición apenas referida, tamén esta se ocupa dos datos relativos ao autor, acompañando o texto crítico –que se dispón seguindo, en esencia, os criterios gráficos da anterior– de variantes, ficha métrico-retórica, paráfrase, notas aos versos e glosario.

Por outra parte, e desde 1978, o Grupo Académico de Literatura Portuguesa da Facultade de Ciências e Letras da UNESP (Campus de Araraquara) publicou diferentes edicións de textos portugueses medievais; entre eses traballos deben mencionarse os dedicados a diferentes *trobadores*, que se acompañan dunha introdución xeral –que en ningún momento aborda o estudo da tradición manuscrita– e dun glosario mínimos (*cf.* Camargo *et alii*, Pero Gomez Barroso, 1985; Johan Servando, 1990; Bernal de Bonaval, 1992; Nuno Fernandez Torneol, 1995). Carentes de anotación filolóxica, estes contributos presentan unha base particularmente deficiente, en canto non parten da consulta, xa non dos orixinais manuscritos, senón das reproducións facsimilares dos cancioneros que entre tanto se publicaron (*V* 1973; *B* 1982; *A* 1994). En efecto, e a título de exemplo, aínda en 1992 as *fontes criticae* para a edición de Bernal de Bonaval foron os traballos de Monaci (1875), de Braga (1878) e dos Machado (1949-1964), así como os datos contidos nas edicións de Nunes (1971 [1932], 1973 [1926-1928]) e en diversas antoloxías; para Nuno Fernandez Torneol (1995) empregáronse as transcripcións paleográficas de Monaci (1875) e Molteni (1880)¹¹.

11 O recurso a fontes secundarias nestas edicións conséntase en Franco / Vieira / Mongelli (2008: 214): “No caso da lírica trovadoresca galego-portuguesa –tema de predilección nacional, talvez porque incluído nos exames vestibulares de acceso à Universidade– embora os três *Cancioneiros* das fontes manuscritas estejam publicados em edição fac-similada, aínda se continua a traballar preferentemente com antologias” (nota 127).

Non obstante, tamén Brasil recuperou o pulso dos grandes estudos; así, desde 1996 ten vida oficial activa a ABREM, *Associação Brasileira de Estudos Medievais*, que, mediante os seus órganos de difusión, e, en particular, a través da revista *Signum*, aglutina os investigadores que se ocupan do Medievo e divulga os seus contributos. Por outro lado, filólogos da talla de Yara Frateschi Vieira prestaron enormes servizos ao labor ecdótico coa tradución, entre outros traballos fundamentais, das *Randglossen* de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (2004, en colaboración con outros autores) ou das edicións de Oskar Nobiling (2007) e de Henry R. Lang (2010, con Lênia Márcia Mongelli)¹².

V. A Iberia lusitana: Portugal

As décadas de 1980 e 1990 foron, desde o punto de vista da tradición manuscrita, décadas “felices” para a lírica profana galego-portuguesa: en 1983 recuperouse, do outro lado do Atlántico, na Universidade de Santa Bárbara (California), o *Cancioneiro da Bancroft Library* (K), copia de V realizada en Italia entre 1592 e 1612 que se corresponde con aquel cancionero “d’um Grande de Espanha” que fora referido por Francisco Adolfo de Varnhagen nos seus traballos (cfr. Askins 1991, 1993). Por fin, o 2 de xullo de 1990 Harvey L. Sharrer encontraba no Arquivo Nacional da Torre do Tombo, en Lisboa, un fragmento de pergamiño con sete *cantigas de amor* de don Denis, o célebre *Pergamiño Sharrer* (T), que viña certificar que tamén este xénero era combinación indisoluble de *letra e som* (cfr. Sharrer 1991, 1993).

Considerando, xustamente, o testemuño deste último relator, en 1991 E. Gonçalves publicou a edición da peza de don Denis *Non sei come me salv’a mia senhor*, transmitida tamén nos apógrafos italianos, nun volume que se completaba co texto crítico das cantigas *Joan Bolo jov’en a pousada*, *De Joan Bol’and’eu maravillado*, *Joan Bol’anda mal desbaratado* e *Disse-m’oje un cavaleiro*, estas copiadas unicamente nos dous códices que envían o conxunto do cancionero do reitrobador, B e V. Este traballo, rigoroso e dotado dunha riquísima anotación, ofrece un interese adicional en canto considera T, circunstancia que dá pé a unha serie de consideracións ecdóticas relativas á coincidencia nas leccións manuscritas entre o testemuño máis antigo e os apógrafos, consideracións que sitúan o editor ante unha disxuntiva de profundo calado: “conservar, tendo em conta a unanimidade dos testemunhos e, nesta unanimidade, o peso de T, como testemunho antigo”, ou “intervir, olhando à coerência rimática e métrica” (Gonçalves 1991: 19).

¹² Para o estado dos estudos medievais no Brasil nos últimos anos véxase Franco / Vieira / Mongelli (2008: 207-218).

Ademais dos fundamentais contributos de E. Gonçalves ao estudo da tradición manuscrita e á edición de textos, diversos investigadores abordaron nas últimas décadas, e sempre en Portugal, o labor ecdótico. Este veu colmar o baleiro que caracterizara as décadas precedentes –sobre todo desde a publicación da magna obra de Manuel Rodrigues Lapa dedicada ás *cantigas de escarnio* (1965, revisada e ampliada en 1970)– e viuse reforzado polo gran traballo do historiador António Resende de Oliveira, que se iniciaría na década dos '80 e que culminaría no seu *Depois do espectáculo trovadoresco*, un volume de referencia publicado en 1994 e presentado como tese de doutoramento dous anos antes na Universidade de Coimbra.

No ámbito da edición, en concreto, deben destacarse as figuras de Manuel Pedro Ferreira, que publicou en 1986 o seu excelente estudo e edición do *Pergamiño Vindel*; de Manuel A. Ferreira da Silva, que abordou o conxunto das *tensós* presentes no corpus (1993); de João Dionísio, que editou as cantigas de Fernan Soarez de Quinhones en 1992 baixo as directrices de E. Gonçalves, ou de Angela Correia, que, ademais de diversos contributos en artigos, preparou a edición das *cantigas de amor* de Johan Soarez Coelho e o estudo, en particular, do ciclo “da ama” (2001), supervisado por E. Gonçalves e A. Ferrari (agora en publicación electrónica: 2016). A propia A. Correia ten en Andreia Querido, que acaba de tirar á luz *O cancionero de Airas Engeitado* (2016), a unha das súas discípulas.

A estes autores aínda se pode engadir, xa na Universidade do Porto, o nome de José Carlos Ribeiro Miranda, director do activo *Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade* (<http://ifilosofia.up.pt/proj/smelps/apresentacao>). Máis volcado, xunto a Resende de Oliveira, na análise dos contextos da literatura e na caracterización das primeiras xeracións de trovadores, en 2004 forneceria, nun ensaio sobre as orixes da lírica galego-portuguesa, o texto crítico das pezas dos primeiros autores reproducidos nos cancioneros: Airas Moniz, Diego Moniz, Osoir'Anes e Garcia Mendiz d'Eixo. Á Universidade do Porto adscribese tamén Andreia Amaral, autora dunha proposta, como a propia autora a designa, de edición crítica dos *lais* (2006 [2008]).

Á marxe das edicións monográficas, da edición do “canzonere individuale teso a restituire ad ogni voce di coro d'antologia il suo canto individuale, la sua responsabilità di solista” (Stegagno Picchio 1980: 345) a que Portugal foi refractario durante décadas¹³, nos últimos anos recuperouse a edición de xénero, materializándose

13 Así o constata a propia Stegagno Picchio: “Quando già il Lang, subito seguito dal Nobiling, aveva infilato questa strada, l'accettazione del nuovo principio da parte dei lusitanisti fu lenta e contrastata; e ciò soprattutto in Portogallo, dove la critica, profondamente influenzata dall'opera della Michaëlis, continuò ancora per molti anni a vedere nel canzoniere medievale un tutto organico, una unità inscindibile, anziché un mosaico di personalità diverse ed originali, pur entro gli schemi tipici propri della cultura del tempo” (1960: 261).

esta liña de investigación nos traballos preparados por Graça Videira Lopes e polo estudoso de orixe norteamericana Rip Cohen, que foi alumno do profesor lisboeta, exiliado en Madison e en Santa Bárbara, Jorge de Sena (1919-1978). En concreto, Lopes ofreceu en 2002 unha polémica edición das cantigas satíricas; pola súa parte, Cohen centrouse na edición da *cantiga de amigo* (edición completa en 2003, con achegas parciais en 1987 e 1996) e continúa, na actualidade, fornecendo rigorosas edicións de selectos trobadores que sobresaen pola súas peculiaridades temáticas e formais, como Airas Moniz d'Asme, Diego Moniz e Osoir'Anes (2010), Pero Meogo (2013, 2014) ou Martin Codax (2016a), e de series de cantigas que ofrecen unha peculiar estrutura estrófica (2016b).

VI. A Iberia castelá e o *Finisterrae*

Na Península e en Galicia, que asisten á saída do prelo na década dos '60 do cancionero de Pero Meogo por parte de Xosé Luís Méndez Ferrín (1966), non se verifica, porén, unha continuidade nos estudos ecdóticos¹⁴, que só encontrarían un serodio –pero magnífico– exemplo na edición que de Johan Airas publicou en 1980 José Luís Rodríguez. Esta, unha grande edición que había de servir como guía para as que se escribirían décadas despois no territorio galego, organizábase en varias seccións, encabezadas por unha bibliografía –moi completa para a época, en que destacan os traballos da escola italiana–, que ía seguida por un capítulo dedicado á vida do poeta, por un estudo global da obra –tradición manuscrita, análise literaria, métrica, lingüística e estilística– e polos textos, regularizados graficamente e dotados dunha orde diferente á que ofrecían nos manuscritos –unha cuestión esta que se lle reprocharía nos comentarios críticos recibidos–, textos que ían acompañados de variantes, tradución, análise métrica, comentario e notas. O volume pechábase cun apéndice de láminas e cun glosario.

De entre as recensións que a obra recibiu, moi positivas, merece destacarse a de Tavani, que tivo, á marxe de diferentes notas críticas de transcendencia menor, palabras de eloxio para o editor galego, despois plenamente dedicado aos estudos portugueses e que apenas volvería ocuparse –desgrazadamente– da lírica dos *trobadores*:

14 Como sinalaba en 1992 M. Ferreiro, o rico panorama investigador que debuxaba a escola italiana ou o que ofreceran os autores portugueses e braileiros contrastaba agudamente “coa escasa aportación, aínda que meritória e desigualmente importante, sen dúbida condicionada pola continúa anormalidade político-cultural da nosa nación, que estudiosos galegos (Armando Cotarelo Valledor, Xosé Filgueira Valverde, Xosé Luís Méndez Ferrín ou José Luís Rodríguez, entre outros) traballosamente levaron a cabo sobre os cancioneros, desde o seu (re)descobrimiento e divulgación nos finais do século XIX” (1992: 23).

Si tratta di un lavoro de amplo respiro, metodologicamente ineccepibile, adecuado alle esigenze di un'ecdotica modernamente intesa, e grazie al quale un poeta dell'importanza di Joan Airas ottiene finalmente il tributo scientifico che gli spettava e che lo introduce a pieno titolo nel numero – ancora limitato, purtroppo – dei trovatori galego-portoghesi accessibili in un'edizione critica condotta secondo criteri certamente validi. Non è possibile dar conto qui di tutti i luoghi in cui J. L. Rodríguez offre una lettura migliore delle precedenti, né di quelli per i quali la sua soluzione appare del tutto convincente. Infatti, a più riprese ci troviamo in presenza di congetture che mostrano come l'editore sappia esercitare perfettamente l'arte della “divinatio”, soprattutto quando relatore unico sia il canzoniere Vaticano ([...]). Per cui, il risultato finale non poteva che essere, come è, di buona qualità (Tavani 1983: 468-469)¹⁵.

Esta edición, derivada da tese de doutoramento do autor –que foi dirixida por unha figura que había de ter un relevo fundamental para a cultura galega e, en particular, para os estudos lingüísticos e literarios, Constantino García (1927-2008), e que contou co maxisterio do egregio M. Rodrigues Lapa–, devolvía os estudos ecdóticos ao territorio que fora berce da tradición poética aquí considerada.

Non por acaso, a partir destes anos asístese a unha vitalísima actividade investigadora, que encontraría a súa pedra de toque nos traballos de Carlos Alvar, que se inicia neste campo entre 1977 e 1978, e de Vicenç Beltran, que comeza as súas pesquisas na década dos '80: ambos os dous publicarían, en 1985, o que sería un dos volumes máis consultados da lírica dos *trobadores*, a *Antología de la poesía gallego-portuguesa*. Alvar, que en 1986 daría ao prelo as cantigas de Pero García d'Ambroa, dedicaría, ao longo da súa dilatadísima bibliografía, múltiples ensaios a esta poesía¹⁶; idéntica consideración pode facerse a propósito de Beltran, un estudoso total, que publicou traballos emblemáticos sobre distintas vertentes da tradición lírica que nos ocupa, ademais de fornecer edicións de diversos poemas, entre os que merecen destacarse os denominados “da decadencia” –así, a cantiga de Alfonso XI (1985) ou a fermosísima *Leonoreta* (1991)–, que terían a súa continuidade nos seus magníficos ensaios sobre a poesía “de cancionero” castelá¹⁷. No seu paso polas diversas Universidades españolas, e sempre mantendo o contacto con Galicia, Beltran formaría, ademais, un nutrido grupo de editores, entre os que

15 Ademais da de Tavani, a excelente edición de Rodríguez mereceu outras dúas recensións destacadas, asinadas, respectivamente, por Gonçalves (1983a) e Lanciani (1981).

16 Cfr. http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/carlos-alvar-bibliografia--0/html/01bf77de-82b2-11df-acc7-002185ce6064_2.html [consult. 26. 08.2017].

17 Véxase a súa extensísima bibliografía en <http://www.lettere.uniroma1.it/sites/default/files/234/cvpdf.pdf> [consult. 26.08.2017]. Para os seus inicios como estudoso da lírica dos trovadores do occidente ibérico e dos temas que o cativaron remitimos ao propio Beltran (2007: 5-9).

sobresaen Gema Vallín, que deu ao prelo os textos de Pai Soarez de Taveirós (1996), e Aurora Viñez, que se ocuparía da produción de Gonçal'Eanes do Vinhal (2004).

Aos estudosos granadino e castellonense debe engadirse aínda a figura de Juan Paredes Núñez, tamén el granadino, que dedicou gran parte da súa carreira investigadora á edición do rei-mecenas Alfonso X (1988, 2001, 2010), e o nome de Aurora Juárez Blanquer (1944-1994), sen que poidamos establecer un vínculo mestre-discípula cos filólogos apenas citados –sabemos que estivo casada con Jesús Montoya Martínez, profesor da Universidade de Granada e grande especialista, tamén el, en Alfonso X; *cfr.* Díez de Revenga 2007–. A malograda profesora de Filoloxía Románica de Murcia e Granada editaría, en 1988, o cancionero de Pero da Ponte.

En Galicia, a edición dos *trobadores* encontraría o seu lugar natural nas Universidades, sobre todo na Universidade decana, Santiago de Compostela, e na máis nova, a Universidade da Coruña. Nesta última constituiríase un fértil grupo de traballo, que uniría a Carlos Paulo Martínez Pereiro (Fernan Paez de Tamalancos, 1992) e a Manuel Ferreiro (Rodríguez Eanes de Vasconcelos, 1992), ao que contribuiría puntualmente Laura Tato Fontaiña (Pero Mendiz da Fonseca, 2007) e no que se integraría, despois, a investigadora máis moza, Leticia Eirín, que dedicaría a súa tese de doutoramento, publicada en 2015, a don Denis e que continúa a súa activa colaboración co denominado *Grupo Illa* (edición de Pero Mafaldo: Eirín / Ferreiro 2014). Da Universidade da Coruña saírían outras achegas de amplo alento, como a edición das rúbricas explicativas, preparada por Xoán Carlos Lagares (2000), e diversas teses de doutoramento centradas nos trobadores: así, José Martín Montero Santalla elaboraría un instrumento fundamental para o exercicio ecdótico, o seu rimario do conxunto do corpus (2000), mentres que Dulce María Fernández Graña editaría as cantigas anónimas presentes nos cancioneros (2008).

Na sede santiaguesa, pola súa parte, formaríanse dous grupos de estudosos, un vinculado principalmente ao Instituto da Lingua Galega e outro á Facultade de Filoloxía. Do primeiro destaca Henrique Monteagudo, que coirdaría a edición facsimilar do volume que en 1934 Armando Cotarelo Valledor lle dedicara a Pai Gomez Charinho, engadindo os seus propios contributos (1984), e que seguiría fornecendo outros textos, con frecuencia en edicións divulgativas, e Xosé Bieito Arias Freixedo, agora profesor na Universidade de Vigo, que editou a Johan de Cangas (1998) e, baixo a dirección de Ramón Lorenzo, a Roi Fernandiz (1998, tese de doutoramento publicada en 2010). Xa na Facultade de Filoloxía, e baixo o impulso de C. García, que fora un dos fundadores do citado Instituto da Lingua Galega, iniciarían os seus traballos Mercedes Brea, particularmente volcada no estudo dos aspectos temáticos da lírica trobadoresca, e, sobre todo, Pilar Lorenzo Gradín, que desde moi pronto comezaría a centrarse no labor ecdótico: en 1996

publicaría as cantigas de Gomez Garcia, o célebre *abade de Valadolide*, a que se seguirían, tras un interregno dedicado a outros argumentos, as pezas de don Afonso Lopez de Baian (2008) e, en colaboración con Simone Marcenaro (*vide infra*), o cancionero de Roi Queimado (2010).

A relevancia de ambas investigadoras non se limita aos seus innumerables ensaios, pois tamén o seu maxisterio é sobresaliente: baixo a dirección de M. Brea, directora no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da sección de Lírica do macroproyecto *ARGAMED (Arquivo Galicia Medieval)*¹⁸, publicaríanse diversas edicións, entre as que cabe destacar a dedicada a Martin Codax, Johan de Cangas e Mendinho por parte de Antonio Fernández Guiadanes *et alii* (1998), ademais de prepararse os dous volumes de *Lírica Profana Galego-Portuguesa* (Brea 1996), que constituirían o piar sobre o que se construíría o buque insignia do proxecto, a base de datos *MedDB* (www.cirp.gal); véxase, máis abaixo, epígrafe VIII). Ademais, M. Brea impulsaría os estudos de autores como Gimena del Río Riande, que preparou unha edición crítica completa de don Denis (2010), e seguiría directamente as teses de doutoramento de, entre outros discípulos seus, Francisco Fernández Campo (Pero d'Armea, 2012); Déborah González Martínez, editora de Fernan Fernandez Cogominho (2012a) e de varios grupos de textos de entidade menor (entre eles, as *tensós* de Pai Soarez e as cantigas de Pero Velho, ambos Taveirós, publicadas en 2012b e 2016), ou Miguel A. Pousada Cruz, que dedicaría o seu exercicio académico a Nuno Fernández Torneol (2013) e que tamén se ocuparía das poesías do clérigo Sancho Sanchez (2015).

Pola súa parte, baixo o maxisterio de P. Lorenzo Gradín formaríanse a autora destas liñas, responsable das edicións de Afonso Sanchez (2001) e de Estevan Perez Froian (2008a), da edición facsimilar (2008b) e paleográfica de *A* (2016b), da fixación do texto crítico do segundo dos *lais de Bretanha* (2016a) e da coordinación do volume de estudos que acompaña o magnífico facsímile do *Pergamiño Vindel* publicado en 2016 (Arbor Aldea 2016c), ademais de doutores como Inés Coiradas Martínez, que editou o conxunto das rúbricas presentes nos cancioneros (2013), ou Eva Inés Alonso Leivas, que lle dedicou a súa tese a Gil Perez Conde (2015). Lorenzo Gradín contribuiría, así mesmo, á formación de Simone Marcenaro, procedente da Universidade italiana de Xénova, que deu ao prelo as edicións de Osoir'Anes (2012a), Pero Garcia Bungalés (2012b), Afonso Mendez de Besteiros e Estevan Faian (2013) e Afons'Anes do Coton (2015), ademais de colaborar coa súa mestra no volume dedicado a Roi Queimado (2010).

18 Da inmensa figura desta activísima muller e do seu inxente labor constitúe unha boa mostra o seu perfil bibliográfico, recollido no volume de homenaxe que se lle ofreceu en 2016 (*cf.* Pousada Cruz 2016).

Como non podía ser doutra maneira, tamén as edicións publicadas en Galicia nestas décadas, que en liñas xerais seguen as pautas marcadas pola escola italiana, son de calidade desigual. Como moi ben dixo Tavani en 1990 a propósito do argumento, “Entre as [edicións] modernas hainas discretas, algunhas boas, outras óptimas, pero tamén as hai cativas e mesmo inútiles” (Brea / Tarrío 1991: 133)¹⁹. Tales palabras seguen tendo hoxe plena validez.

VII. Ler ou interpretar (dubidando?)

Un punto que merece particular atención no labor ecdótico da lírica profana galego-portuguesa é o relativo aos criterios de presentación gráfica do texto. No longo período temporal que abarcan estes traballos tales criterios mudaron de acordo coas diversas edicións e cos círculos que as promoveron, observándose actitudes que flutuán entre o conservadorismo mesmo dos aspectos gráficos máis irrelevantes desde o punto de vista fonético e as modernizacións gráficas máis incisivas, que por veces nin sequera respectan a realidade fonética das cantigas. Exemplos houbo, tamén, de grafías que tendían a cubrir dunha pátina “portuguesa” a realidade dos textos e de presentacións gráficas que a “castelanzaban”. Pode dicirse, pois, e seguindo a Stegagno Picchio, que no traballo editorial en materia de lírica profana galego-portuguesa “le norme seguite nell’edizione dei testi arcaici hanno conosciuto tutte le sfumature della fedeltà infedele e della fedele infedeltà” (1960: 268-269).

Non obstante, tamén neste ámbito as cousas mudaron a partir das *Normas de edición* promovidas por M. Ferreiro: consensuadas por significativos estudosos da materia nun congreso celebrado en 2006 e publicadas en 2007, supuxeron todo un fito, en canto marcan un punto de referencia esencial para os editores. Estes poden, así, afrontar con garantías os diversos problemas que suscita a *dispositio textus* e ofrecer unha interpretación propia dese mesmo texto –iso é, xustamente, o que define unha edición que se prece de “crítica” –, evitándolle ao lector un traballo hermenéutico para o que carece dos datos de que dispuxo e de que dispón o filólogo.

VIII. O presente tecnolóxico

Canto sinalamos nos parágrafos precedentes debería completarse coa cita dos múltiples proxectos de edición de conxuntos orgánicos de textos ou de autores

19 Para un comentario crítico exhaustivo das edicións publicadas nos últimos anos remitimos a Gonçalves (2007a) e a Eirín (no prelo).

particulares que agora mesmo se desenvolven en distintos ámbitos e, sobre todo, en Galicia, centro de referencia, hoxe por hoxe, do estudo da lírica dos *trobadores*. Dado que esta tarefa constitúe un imposible, en boa medida pola súa magnitude e dificultade de acceso aos datos, centrarémonos na cara visible da moeda, a posta a disposición dos especialistas e do público en xeral deste corpus poético a través de bases de datos *online*.

En liñas precedentes referimos o proxecto *MedDB, Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*, que foi pioneiro neste ámbito: con sede no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e baixo a dirección e coidado constantes de M. Brea, coñeceu unha primeira versión en 1998, a que seguirían unha versión 2.0 unha década máis tarde (2008) e unha versión 3 en 2016, que a mellora significativamente. En efecto, e a pesar de que non se modificou a eiva coa que naceu –*MedDB* baséase en edicións de referencia, non nunha edición crítica propia, nin sequera nun texto unificado desde o punto de vista gráfico–, esta última actualización ofrece cambios substanciais, que fan a súa consulta máis doada e de utilidade superior (*cf.* www.cirp.gal).

Pola súa parte, na Universidade Nova de Lisboa, un equipo de estudosos coordinado por G. Videira Lopes puxo en marcha en 2011 o proxecto *Littera. Cantigas Medievais Galego Portuguesas*, amigable na súa consulta, con magníficas reproducións dos manuscritos, pero con graves deficiencias no que atinxe á fixación crítica dos textos, de que é responsable o equipo do proxecto (*cf.* <http://cantigas.fesh.unl.pt>); a propia Videira Lopes publicaría, servíndose desta base de datos, e en formato papel, *Cantigas medievais galego-portuguesas. Corpus integral profano* (2016), un traballo inxente, en dous volumes, que aínda debe ser convenientemente valorado pola crítica.

Finalmente, na Universidade da Coruña, e baixo a dirección de M. Ferreiro, púxose en marcha en 2014 *GLOSSA. Glosario da poesía medieval galego-portuguesa*, “primeiro repertorio lexical dicionarizado, contextualizado e exhaustivo do corpus da lírica profana galego-portuguesa: cantigas de amor, cantigas de amigo e mais cantigas de escarnho e de maldizer, para alén dalgúns textos doutros xéneros con menor representación” (<http://glossa.gal/inicio>), que se baseou na revisión crítica, por parte do propio Ferreiro, de todas as pezas que constitúen o acervo trobadoresco. Con base neste proxecto desenvólvese desde o ano pasado, e sempre na Universidade da Coruña con M. Ferreiro como responsable, *Universo Cantigas* (www.universocantigas.gal), que se concibe como, xustamente iso, un “universo de cantigas”, isto é, como unha macroplataforma en que teñan cabida os poemas profanos, criticamente editados polos membros do equipo de investigación, o glosario –textos e glosario están interconectados, permitíndose a consulta

cantiga > glosario e glosario > cantiga– e diversos materiais complementarios, entre os que merecen destacarse as transcricións paleográficas –propias– de todos os relatores²⁰.

IX. *Desideratum*

Como pode deducirse da lectura das páxinas precedentes, moito foi o camiño percorrido nestes anos. Con apenas medios, con poucos ou con medianos, e poñendo na balanza todo canto se escribiu, os resultados son, digámolo con honestidade, moitos, bos e xenerosos, ás veces abnegados, froito de vidas entregadas ao amor polas letras da Idade Media galego-portuguesa. Porén, queda aínda senda por transitar, tarefas fundamentais que abordar: entre elas, podemos citar o estudo de múltiples aspectos relativos á configuración dos cancioneros e á súa copia, a análise de moitos versos con problemas ecdóticos de distinto calibre e, sobre todo, o estudo da lingua dos relatores e dos autores que neles se conteñen. Relatores e autores neles contidos, si: o sintagma, o binomio, está escollido con causa, pois –como sucede coas edicións reconstrutivas, por un lado, e coas que se fixan nun elo da tradición, as mal chamadas bedieristas, por outro– unha liña de traballo non exclúe a outra, senón que ambas as dúas se complementan.

A este respecto, merece destacarse como a tendencia dos primeiros editores da lírica profana galego-portuguesa a “vedere nel canzoniere medievale un tutto organico, una unità inscindibile” (Stegagno Picchio 1960: 261), despois de deixar paso a unha corrente de numerosas edicións individuais de *trobadores*, está tomando corpo de novo co nacemento e posta en marcha de proxectos ou de edicións centradas, xustamente, nos cancioneros. Como antes sinalamos, e desde o punto de vista material, é esta unha perspectiva non só xustificable, senón necesaria, dadas as graves lacunas que aínda hoxe temos no coñecemento dos relatores. Non obstante, cómpre non esquecer que unha “escola” poética non nace, medra e se difunde para conterse entre as tapas da encadernación dun códice. A lírica profana galego-portuguesa foi o produto vivo dun grupo de homes que compuxeron os seus textos ao longo de algo máis de século e medio: os manuscritos son só os monumentos “funerarios” dun espectáculo brillante que, como todo organismo vivo, nun determinado momento entrou nunha vía de esclerose que o conduciría ao ocaso; por iso é labor ineludible de todos cantos nos dedicamos á filoloxía influír vida –e, alí onde sexa posible,

20 *Universo Cantigas* prevé, nesta primeira fase, a edición dos textos 1 a 640 dos cancioneros, completándose, unha vez pechado este primeiro período, co resto de poemas. A descrición pormenorizada do proxecto, xunto coas súas bases metodolóxicas, pode lerse en Arbor Aldea / Ferreiro (no prelo).

música— ás cantigas copiadas nos folios dos poucos tesouros que o tempo nos legou, tornar vivo e luminoso, en definitiva, aquel espectáculo de *letra e son* que aínda hoxe nos sublima os sentidos.

Referencias bibliográficas

- Alvar, C. (1977): *La poesía trovadoresca en España y Portugal* (Madrid: CUPSA).
- Alvar, C. (1978): *Textos trovadorescos sobre España y Portugal* (Madrid: CUPSA).
- Alvar, C. (1986): “Las poesías de Pero Garcia d’ Ambroa”, *Studi Mediolatini e Volgari* 32, 5-112.
- Alvar, C. (s.d.): *Carlos Alvar. Bibliografía, Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes*.
Disponible en http://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/carlos-alvar-bibliografia-0/html/01bf77de-82b2-11df-acc7-002185ce6064_2.html [consult. 26.08.2017].
- Alvar, C. / Beltrán, V. (1985): *Antología de la poesía gallego-portuguesa* (Madrid: Alhambra).
- Alonso Leivas, E. I. (2015): *O Cancioneiro de Gil Pérez Conde. Edición e estudo*. Tese de doutoramento inédita (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago).
- Amado, T. / Lorenzo Gradín, P. (2000): “Os estudos de poesía lírica galego-portuguesa (1978-1998)”, *Boletín Galego de Literatura* 23,1, 7-36.
- Amaral, A. (2006 [2008]): “Os lais de Bretanha. Uma proposta de edição crítica”, *Línguas e Literaturas. Revista da Faculdade de Letras da Universidade do Porto*, II Série, 23, 49-78.
- Arbor Aldea, M. (2001): *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Arbor Aldea, M. (2008a): “Estevan Perez, merino maor por el Infante don Sancho en terra de Leon e de Asturias... Edición e anotación da súa cantiga *Senhor, se o outro mundo pasar* (B 923, V 511)”, *Revista Galega de Filoloxía* 9, 11-42.
- Arbor Aldea, M. (2008b): *Cancioneiro da Ajuda* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Arbor Aldea, M. (2013): “Edición e edicións: a propósito de crítica textual e lírica medieval (profana) galego-portuguesa (I)”, *Revista Galega de Filoloxía* 14, 11-41.
- Arbor Aldea, M. (2016a): “*Andamos fazendo dança, cantando nosas bailadas*. Notas críticas a *O Maroot aja mal grado* (B 2, L 2)”, en Corral Díaz, E. / Fidalgo Francisco, E. / Lorenzo Gradín, P. (eds.), *Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*, 85-95 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

- Arbor Aldea, M. (2016b): *Cancioneiro da Ajuda. Transcrición e notas* (Washington D.C.: Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric). Dispoñible en <https://blogs.commons.georgetown.edu/cantigas/files/2013/05/ArborAldea-Ajuda-Intro-Final2.pdf> [consult. 26.08.2017].
- Arbor Aldea, M. (coord.) (2016c): *Pergamino Vindel* (Barcelona: Moleiro Editor).
- Arbor Aldea, M. / Ferreiro, M. (no prelo): “Universo Cantigas: *work in progress*”, en *Coloquio Internacional AHLM: Literatura Medieval (Hispánica). Nuevos Enfoques Metodolóxicos y Críticos (Catania, 27-30 de septiembre de 2016)* (Catania: Asociación Hispánica de Literatura Medieval-Università degli Studi di Catania).
- Arias Freixedo, X. B. (1998): *As cantigas de Johan de Cangas* (Vigo: Universidade de Vigo).
- Arias Freixedo, X. B. (2010): *As cantigas de Roi Fernandiz de Santiago* (Vigo: Universidade de Vigo) [edición en CD; foi presentada en 1998 como tese de doutoramento baixo o título *O cancionero de Roy Fernandiz* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela)].
- Askins, A. L.-F. (1991): “The *Cancioneiro da Bancroft Library* (previously, the *Cancioneiro de um Grande d’Hespanha*): a copy, ca. 1600, of the *Cancioneiro da Vaticana*”, en *Actas do Congresso da Associação Hispánica de Literatura Medieval*, vol. I, 43-47 (Lisboa: Edições Cosmos).
- Askins, A. L.-F. (1993): s.v. “Cancioneiro da Bancroft Library”, en *DLMGP*, 118-119.
- Azevedo Filho, L. A. de (1974): *As Cantigas de Pero Meogo* (Rio de Janeiro: Edições Gernasa e Artes Gráficas Ltda.) [2ª ed. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro, 1981; 3ª ed., revisada, Santiago de Compostela: Laiovento, 1995].
- Barberini, F. (2014): “*Pois m’ en tal coita ten Amor (A185)*”, *Cultura Neolatina* 74,1/4, 157-180.
- Barberini, F. (2016): “Anonimi irremediabili nel *Cancioneiro da Ajuda: Senhor fremosa, pois me vej’ aqui (A277)*”, *Revista de Cancioneros Impresos y Manuscritos* 5, 64-77.
- Barberini, F. (2017): “*Cancioneiro da Ajuda: cantigas 180-183*”, *Verba* 44, 317-346.
- Barbieri, M. (1980): “Le poesie di Roy Paez de Ribela”, *Studi Mediolatini e Volgari* 27, 7-104.
- Barbieri, M. (1999): “Le *cantigas d’amigo* di Fernan Froyaz”, en Lancaster, M. J. de / Peloso, S. / Serani, U. (eds.), *E vós, Tágides minhas. Miscellanea in onore di Luciana Stegagno Picchio*, 81-99 (Viareggio-Lucca: Mauro Baroni Editore).
- Beltrami, P. G. (1974): “Pero Viviaez e l’amore per uditá”, *Studi Mediolatini e Volgari* 22, 43-65.

- Beltrami, P. G. (1978-1979): “Pero Viviae: poesie “d’amigo” e satiriche”, *Studi Mediolatini e Volgari* 26, pp. 107-124.
- Beltran, V. (1985): “La cantiga de Alfonso XI y la ruptura poética del siglo XIV”, *El Crotalón. Anuario de Filología Española* 2, 259-273 [agora recollido en *Poética, poesía y sociedad en la lírica medieval*. Anexo 59 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*, 105-117 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela)].
- Beltran, V. (1991): “Tipos y temas trovadorescos. VII. Leonoreta / fin roseta, la corte poética de Alfonso XI y el origen del Amadís”, *Cultura Neolatina* 51, 47-64, 341 [agora recollido en *Poética, poesía y sociedad en la lírica medieval*. Anexo 59 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*, 119-132 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela)].
- Beltran, V. (2007): “Introducción”, en *Poética, poesía y sociedad en la lírica medieval*. Anexo 59 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*, 5-9 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1961): “A proposito di una recente edizione di Johan Ayras de Santiago”, *Studi Mediolatini e Volgari* 9, 71-100.
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1962): “Le poesie di Martin Soares”, *Studi Mediolatini e Volgari* 10, 9-160 [2ª ed. Bologna: Libreria Antiquaria Palmaverde, 1963; tradución ao galego en 1992: *As poesías de Martin Soares* (Vigo: Galaxia)].
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1966): “Le postille metriche di Angelo Colocci ai canzonieri portoghesi”, *Annali dell’Istituto Universitario Orientale – Sezione Romanza* 7,1, 13-30.
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1972): “Note linguistiche e letterarie di Angelo Colocci in margine ai canzonieri portoghesi”, en *Atti del Convegno di studi su Angelo Colocci. Jesi, 13-14 settembre 1969*, 197-203 (Jesi: Amministrazione Comunale di Jesi).
- Bertolucci Pizzorusso, V. (1993): “Pellegrini, Silvio”, en *DLMGP*, 531-533.
- Bertolucci Pizzorusso, V. / Pellegrini, G. B. (1972): “Ricordo di Silvio Pellegrini (e bibliografía dei suoi scritti)”, *Studi Mediolatini e Volgari* 20, 7-36.
- Boni, G. (1999): “Luciana Stegagno Picchio. *Una bibliografía tematica*”, en Lancastre, M. J. de / Peloso, S. / Serani, U. (eds.), *E vós, Tágides minhas. Miscellanea in onore di Luciana Stegagno Picchio*, 23-47 (Viareggio-Lucca: Mauro Baroni Editore).
- Blasco, P. (1984): *Les chansons de Pero Garcia Burgalês, troubadour galicien-portugais du XIII^e siècle* (Paris: Fondation Calouste Gulbenkian-Centre Culturel Portugais).
- Braga, T. (1878): *Cancioneiro Portuguez da Vaticana. Edição critica restituída sobre o texto diplomatico de Halle, acompanhada de um glossario e de uma introdução sobre os trovadores e cancioneros portuguezes* (Lisboa: Imprensa Nacional).

- Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*, 2 vols. (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro).
- Brea, M. / Tarrío, A. (1991), “Con Giuseppe Tavani, en Compostela”, *Boletín Galego de Literatura* 6, 125-137.
- Camargo, C. de Oliveira / Iannone, C. A. / Cury, J. (1985): *Textos Medievais Portugueses. Cantigas de Pero Gomes Barroso* (Araraquara: Instituto de Letras, Ciências Sociais e Educação-Campus de Araraquara-UNESP-Centro de Estudos Portugueses Jorge de Sena).
- Camargo, C. de Oliveira / Iannone, C. A. / Cury, J. / Pereira, S. R. (1990): *Textos Medievais Portugueses. Cantigas de João Servando* (Araraquara: Faculdade de Ciências e Letras-Centro de Estudos Portugueses Jorge de Sena-UNESP).
- Camargo, C. de Oliveira / Iannone, C. A. / Gobbi, M. V. Zamboni (1992): *Textos Medievais Portugueses. Cantigas de Bernal de Bonaval* (Araraquara: Faculdade de Ciências e Letras-Departamento de Literatura-Centro de Estudos Portugueses Jorge de Sena-UNESP).
- Camargo, C. de Oliveira / Iannone, C. A. / Campos, L. de / Gobbi, M. V. Zamboni / Junqueira, R. Soares (1995): *Textos Medievais Portugueses. Cantigas de Nuno Fernandes Torneol* (Araraquara: Faculdade de Ciências e Letras-Departamento de Literatura-Centro de Estudos Portugueses Jorge de Sena-UNESP).
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cod. 10991*, 1982 (Lisboa: Biblioteca Nacional, Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, 1973 (Lisboa: Centro de Estudos Filológicos-Instituto de Alta Cultura).
- Carter, H. H. (1941): *Cancioneiro da Ajuda. A Diplomatic Edition* (New York-London: Modern Language Association of America-Oxford University Press) [reimpresión, 1975 (New York: Kraus Reprint Co.); 2007: *Cancioneiro da Ajuda. Reimpressão da Edição Diplomática de Henry H. Carter* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda)].
- Cohen, R. (1987): *Thirty-two “Cantigas d’amigo” of Dom Dinis: Typology or a Portuguese Renunciation* (Madison: The Hispanic Seminary of Medieval Studies, Ltd.).
- Cohen, R. (1996): “Joan Garcia de Guilhade. 22 cantigas d’amigo”, Separata de *Colóquio/Letras* 142 [sen paxinación].
- Cohen, R. (2003): *500 Cantigas d’Amigo* (Porto: Campo das Letras).
- Cohen, R. (2010): “Three Early Galician-Portuguese Poets: Airas Moniz d’Asme, Diego Moniz, Osoir’Anes. A Critical Edition”, *Revista Galega de Filoloxía* 11, 11-59.
- Cohen, R. (2013): *The Cantigas d’Amigo of Pero Meogo. A Critical Edition with Metrical Analysis and Translation* (Washington D.C.: Virtual Center for the Study of

- Galician-Portuguese Lyric). Dispoñible en <https://blogs.commonsgorgetown.edu/cantigas/files/2013/07/PERO-MOOGUS-4.pdf> [consult. 26.08.2016].
- Cohen, R. (2014): *The Cantigas of Pero Meogo. Edited with Introduction and Commentary* (Washington D.C.: Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric). Dispoñible en <https://blogs.commonsgorgetown.edu/cantigas/files/2013/05/Cohen-Meogo-NOVISSIMA-EDITIO-371a-rev3-Edition-mjf.pdf> [consult. 26.08.2016].
- Cohen, R. (2016a): “As cantigas de Martin Codax. Edición e comentario”, en Arbor Aldea, M. (coord.), *Pergamino Vindel*, 183-204 (Barcelona: Moleiro Editor) [edición en galego; o volume contén tamén versión castelá e inglesa do traballo].
- Cohen, R. (2016b): *aaBB Cantigas d'Amigo. A Critical Edition with a synopsis of strophic design and metrics* (Washington D.C.: Virtual Center for the Study of Galician-Portuguese Lyric). Dispoñible en <https://blogs.commonsgorgetown.edu/cantigas/files/2013/05/aaBB-Cantigas-d-Amigo-edition-and-translations-11-Feb-2017.pdf> [consult. 26.08.2016].
- Coiradas Martínez, I. (2013): *A Mediación na lírica galego-portuguesa. Edición e anotación das rúbricas explicativas*. Tese de doutoramento inédita (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago).
- Correia, A. (2001): *As cantigas de Amor de D. Joam Soares Coelho e o “Ciclo da ‘Ama’”*. Tese de doutoramento inédita (Lisboa: Universidade de Lisboa).
- Correia, A. (2016): *Ama. A Importância de um Nome no Conhecimento sobre os Trovadores Medievais Galego-Portugueses, Versão 2* (Lisboa: Bibliotónica Portuguesa). Dispoñible en http://www.bibliotronicaportuguesa.pt/wp-content/uploads/2015/03/Angela_Correia_Ama_A_Importancia_de_um_Nome_V2.pdf [consult. 29.08.2017].
- Coutinho, M. (2009): “Luciana Stegagno Picchio, tributo a uma Medievalista”, *Medievalista online* 5,6, 1-4. Dispoñible en <http://www2.fesh.unl.pt/iem/medievalista/MEDIEVALISTA6/medievalista-coutinho.htm> [consult. 28.08.2017].
- De Cesare, G. B. / Grossi, G. (1993): “Insegnamenti di iberistica nell’Istituto Universitario Orientale di Napoli”, en Grilli, G. (ed.), *L’apporto italiano alla tradizione degli studi ispanici – Nel ricordo di Carmelo Samonà, atti del Congresso dell’Associazione Ispanisti Italiani, Napoli 30 e 31 gennaio, 1° febbraio 1992*, 121-124 (Roma: Istituto Cervantes). Dispoñible en https://cvc.cervantes.es/literatura/aispi/pdf/05/05_119.pdf [consult. 25.08.2017].
- Del Río Riande, G. (2010): *El Cancionero del rey Don Denis de Portugal (Edición crítica y estudio filológico)*, 2 vols. Tese de doutoramento inédita (Madrid: Universidad Complutense de Madrid).
- D’Heur, J.-M. (1973a): *Troubadours d’oc et troubadours galiciens-portugais* (Paris: Fundação Calouste Gulbenkian-Centro Cultural Português).

- D'Heur, J.-M. (1973b): "Nomenclature des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècles). Table de concordance de leurs chansonniers, et liste des *incipit* de leurs compositions", *Arquivos do Centro Cultural Português* 7, 17-100.
- D'Heur, J.-M. (1974): "Sur la tradition manuscrite des chansonniers galiciens-portugais. Contribution à la *Bibliographie Générale* et au *Corpus* des troubadours", *Arquivos do Centro Cultural Português* 8, 3-43.
- D'Heur, J.-M. (1975a): "L'Art de trouver du Chansonnier Colocci-Brancuti. Édition et analyse", *Arquivos do Centro Cultural Português* 9, 321-398.
- D'Heur, J.-M. (1975b): *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII^e-XIV^e siècles). Contribution à l'étude du "corpus des troubadours"* (Liège: Université de Liège).
- D'Heur, J. M. (1984): "Sur la généalogie des chansonniers portugais d'Ange Colocci", *Boletim de Filologia. Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, vol. II, 29,1/4, 23-34.
- Díez de Revenga, F. J. (2007): "Recordatorio de Jesús Montoya Martínez", *Tonos. Revista Electrónica de Estudios Filológicos* 14, 1-3. Disponible en <https://www.um.es/tonosdigital/znum14/secciones/Perfiles-2-Montoya.htm> [consult. 26.08.2017].
- Dionísio, J. (1992): *As cantigas de Fernan Soarez de Quinhones*. Tese de mestrado inédita (Lisboa: Universidade de Lisboa).
- Donati, C. (1979): "Pero Goterres, cavaliere e trovatore", *Romanica Vulgaria Quaderni. Studi Francesi e Portoghesi* 79, 67-92.
- Eirín García, L. (2015): *A visión do amor no cancioneiro de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Eirín García, L. (no prelo): "Editar poesía profana galego-portuguesa no século XXI", en *Coloquio Internacional AHLM: Literatura Medieval (Hispanica). Nuevos Enfoques Metodológicos y Críticos (Catania, 27-30 de septiembre de 2016)* (Catania: Asociación Hispánica de Literatura Medieval-Università degli Studi di Catania).
- Eirín García, L. / Ferreiro, M. (2014): *O cancioneiro de Pero Mafaldo* (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- Fassanelli, R. (2009): *Don Denis. Poesie d'amore*. Tese de doutoramento inédita (Padova: Università degli Studi di Padova).
- Fernández Campo, F. (2012): *As cantigas de Pero d'Armea. Edición crítica e estudo*. Tese de doutoramento inédita (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Fernández Graña, D. M. (2008): *Edición crítica e estudo dos textos anónimos da lírica profana medieval galego-portuguesa*. Tese de doutoramento inédita (A Coruña: Universidade da Coruña).

- Fernández Guiadanes, A. / Magán Abelleira, F. / Rodiño Caramés, I. / Rodríguez Castaño, M. / Ron Fernández, X. X. / Vázquez Pacho, M. C. (1998): *Cantigas do Mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax* (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- Fernández Pousa, R. (1959): “Cancionero gallego de Joán Airas, burgués de Santiago (s. XII-XIII)”, *Compostellanum* 4,2, 251-290; 4,4, 615-673.
- Ferrari, A. (1979): “Formazione e struttura del Canzoniere Portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (Cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (Materiali e note problematiche)”, *Arquivos do Centro Cultural Português* 14, 27-142.
- Ferrari, A. (1991): “Le chansonnier et son double”, en Tyssens, M. (ed.), *Lyrique Romane Médiévale: la tradition des chansonniers. Actes du Colloque de Liège, 1989*, 303-327 (Liège: Université de Liège).
- Ferrari, A. (2010): “Perché non possiamo non dirci eterotopici ed eteronomici”, en Arbor Aldea, M. / F. Guiadanes, A. (eds.), *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa*. Anexo 67 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*, 103-113 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Ferreira, M. P. (1986): *O Som de Martin Codax. Sobre a dimensão musical da lírica galego-portuguesa (séculos XII-XIV)* (Lisboa: UNISYS / Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- Ferreiro, M. (1992): *As cantigas de Rodrigo'Eanes de Vasconcelos* (Santiago de Compostela: Laivento).
- Ferreiro, M. / Martínez Pereiro, C. P. / Tato Fontañá, L. (2007): *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Fidalgo, E. / Lorenzo Gradín, P. (1994): *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani* (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro).
- Finazzi-Agrò, E. (1975-1976): “Le due *cantigas* di Roy Gomez de Briteyros”, *Estudos Italianos em Portugal* 38-39, 183-206.
- Finazzi-Agrò, E. (1979): *Il canzoniere di Johan Mendiz de Briteyros* (L'Aquila: Japadre Editore).
- Finazzi Agrò, E. (1997): *Per via. Miscellanea di studi in onore di Giuseppe Tavani* (Roma: Bulzoni Editore).
- Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*, 1994 (Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda).

- Franco, H. Jr. / Vieira, Y. Frateschi / Mongelli, L. M. de Medeiros (2008): “Estudos medievais no Brasil”, *Revista de Poética Medieval* 21, 177-219.
- Fregonese, R. (2007): *Joham Vaazquiz de Talaveyra. Poesie e tenzoni* [e-book] (Roma: Edizioni Spolia).
- Gonçalves, E. (1976): “La Tavola Colocciana *Autori Portughesi*”, *Arquivos do Centro Cultural Português* 10, 387-448 [agora recollido en *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*, 2016, 5-87 (A Coruña: Real Academia Galega)].
- Gonçalves, E. (1983a): “José Luis Rodríguez. El cancionero de Joan Airas de Santiago. Edición y estudio. Anexos de “Verba, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago / 1980”, *Revista Colóquio/Letras* 71, 108-110.
- Gonçalves, E. (1983b): “Rec. a Anna Ferrari. “Formazione e struttura del Canzoniere Portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (Cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (Materiali e note problematiche)”, *Romania* 104, 403-412 [agora recollido en *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*, 2016, 89-98 (A Coruña: Real Academia Galega)].
- Gonçalves, E. (1993): s.v. “Tradição manuscrita da poesia lírica”, en *DLMGP*, 627-632.
- Gonçalves, E. (1991): *Poesia de Rei. Três Notas Dionisinas* (Lisboa: Edições Cosmos) [agora recollido en *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses*, 2016, 147-218 (A Coruña: Real Academia Galega)].
